

ALDEAS ARTESÁNS DE GALICIA.

Turismo Rural e Artesanía, S.L.



“Es una pequeña aldea recuperada que integra servicios de turismo, artesanía y actividades de ocio relacionadas con el entorno natural, etnográfico, cultural e histórico”

Vicente Ledo Roca

Datos básicos

Actividade:	Complejo de turismo rural
Sector de actividade	Turismo, hostalería e restauración
Nº empregados	4
Inversión inicial	18.090 €
Financiación inicial:	A parte dos fondos propios, obtivemos financiamento bancario e subvencións. Tamén solicitamos unha subvención de Endesa.
Web:	
Municipio:	Xermade, Lugo
Ano creación:	1999

Descripción do proxecto

O proxecto consiste na oferta de servizos de turismo rural, obradoiro de artesanía e actividades de lecer vinculadas ao entorno xeográfico, cultural e histórico. O concepto consiste nunha pequena aldea recuperada que integra servizos de turismo, artesanía e actividades de lecer relacionadas co entorno natural, etnográfico, cultural e histórico.

Consta de seis edificios, catro deles da nosa propiedade e outros dous en estado de abandono. Tres dos edificios foron recuperados e o cuarto é de nova construción, pero conserva perfectamente as características e o estilo dos anteriores, de forma que o conxunto mantén unha perfecta harmonía arquitectónica. O edificio novo está dedicado a obradoiro de artesanía, e nel fabricanse selas, maceteiros, etc., e desenvólvense actividades de restauración e de reconstrución de pezas antigas.

Outro edificio está dedicado a restaurante - taberna, e tamén ten oferta de viños e artesanía para a súa venda. O último edificio está dedicado a hospedaría e consta de dez cuartos dobres, con capacidade para 20 persoas.

A aldea ten espazos de uso común, zonas de estar, salas para xuntanzas de empresas, etc.



Datos empresa

Claves do éxito

Unha das claves do éxito consiste en que a idea traspasa o concepto tradicional de turismo rural. Non se limita a ofrecer servizos de aloxamento e restauración senón que integra unha actividade artesanal no entorno dunha pequena aldea reconstruída.

Outrasas claves de éxito radica no trato persoal, no que depositamos a alma da empresa.

Por outra parte, o concepto amplo que desenvolvemos de turismo rural supón unha característica diferenciadora que actúa como barreira de entrada para posíbeis competidores. Outras barreiras de entrada que constitúen puntos fortes da empresa son o elevado investimento que implica un proxecto destas características, os coñecementos do entorno e a experiencia e coñecementos técnicos do traballo da artesanía da madeira.

Situación actual

Na actualidade, atopámonos en plena actividade en canto aos traballos de elaboración e comercialización da nosa produción artesanal.

Perfil cliente

O perfil de cliente é bastante heteroxéneo. Sen embargo, pódense destacar certas características comuns, como nivel adquisitivo e socio - cultural medio - alto, parellas que buscan autenticidade e tranquilidade, ...



Idea inicial

Contábamos con unas propiedades que podíamos explotar o abandonar y, al mismo tiempo, contábamos con unos conocimientos del mundo de la artesanía de la madera y de la animación socio cultural. Al mismo tiempo, nos gustaba el tipo de trabajo que implicaba este tipo de actividad y la vida en el campo.

También consideramos ciertas oportunidades económicas a las que podríamos tener acceso, como una subvención del plan LEADER.

Por último, obtuvimos información sobre la zona de una serie de personas con experiencia y conocimientos sobre el tema, y destacaban que se trataba de un lugar privilegiado y con enorme potencial.

Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das dificultades principais na orixe foi a elevada implicación económica que supón un proxecto de tal envergadura. As débedas aos bancos, as dificultades para financiar os investimentos e o lapso de tempo que transcorre entre a aprobación e o cobro das subvencións, constitúen as dificultades básicas no inicio da actividade. Non obstante, as previsións contemplan unha rendibilidade no longo prazo.

Perfil promotores

Vicente Ledo, quien ideó el proyecto, aporta experiencia en el sector de la artesanía de madera, animación socio cultural con niños, campamentos, campos de trabajo, etc...

Dicha experiencia le ayudó a tener una idea más amplia de lo que es el turismo rural, enfocando su negocio no sólo al turismo sino también a la artesanía.

Aptitudes necesarias

- Tenacidad
- Inconsciencia. El desarrollar un proyecto de este tipo supone muchísimo esfuerzo. La decisión de desarrollarlo o no resulta muy complicada porque es sumamente difícil valorar en la balanza qué es lo que realmente se gana o se pierde.



Guía de Actividad

Turismo rural (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

El reto que supone

La independencia que proporciona

Dedicarme a lo que me gusta

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Sí o programa LANZA do IGAPE

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desarrollar con éxito un proxecto empresarial?

Si. É unha cuestión de escala de valores, de prioridades na vida, que vai mais alá dunha análise simplista baseada nun plantexamento puramente economicista.

Anecdotario

Un dato curioso é que despois de ter feito un importante esforzo en publicidade (insercións en prensa, televisión, radio, etc.) observamos unha boa resposta e mesmo recibimos chamadas de estranxeiros (na súa maioría americanos que moran en Granada e solicitan os nosos cursos de artesanía).

Outro aspecto curioso é o nome de Aldea Artesán de A Fraga. O significado dunha fraga ten un simbolismo especial. Unha fraga é un conxunto de especies autóctonas (ríos, fauna, flora, ...) e aparece descrito no romance "O Bosque Animado" como unha mestura de vida animal e vexetal. Vin reflectida neste significado a miña visión do turismo rural desde unha perspectiva ampla na que se integran os servizos tradicionais dunha casa de hospedaría pero tamén un entorno natural e cultural e un trato humano.

